

::Axenda cultural AELG::

Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega

ARQUIVOS DA ETIQUETA: MANUELA LEMA VILLAR

As cantareiras e a poesía popular oral protagonizarán o Día das Letras Galegas 2025

Publicado o **5 Xullo 2024** por [asociacionescritoras-es](#)



Desde a [Real Academia Galega](#):

“Foron creadoras e transmisoras de arte e beleza malia a vida difícil que lles tocou vivir. A través delas, Adolfinia e Rosa Casás Rama (Cerceda), Eva Castiñeira (Muxía), e Prudencia e Asunción Garrido Ameijende e mais Manuela Lema Villar –as tres Pandeireteiras de Mens (Malpica de Bergantiños) falecidas hai máis dunha década–, a Real Academia Galega renderalles homenaxe no Día das Letras Galegas 2025 ás cantareiras e á poesía popular oral. Así o acordou a institución na sesión plenaria ordinaria celebrada este mediodía no

pazo de María Pita, na que se referendou unha candidatura múltiple representativa “das moitas persoas, sobre todo mulleres, que por toda Galicia coidaron, arrequentaron e transmitiron” unha tradición centenaria que segue a deixar pegada nas novas xeracións. O vindeiro 17 de maio dialogará asemade coa modernidade de artistas que hoxe exploran novos vieiros para a literatura de base popular partindo da tradición recibida, sempre unida a outro tesouro patrimonial colectivo: a música.

“A lingua galega continuou viva e vizosa durante séculos, malia as prohibicións e a súa desaparición do espazo oficial, porque o pobo galego a custodiou. En particular as mulleres preservaron a lingua e crearon anonimamente unha poesía popular transmitida nas cantigas das avoas ás netas, das nais ás fillas, dunhas veciñas a outras”, salienta a proposta aprobada. Nela enlázase a celebración vindeira coa deste ano a través dun verso de [Luísa Villalta](#) que sintetiza ese herdo transmitido dunha xeración á outra: “As coplas aprendidas na saia da avoa”.

Cantareiras e pandeireteiras xorden no contexto das rogas, os traballos de axuda mutua entre a

Este sitio web usa cookies para mellorar a súa experiencia. Entendemos que está de acordo con isto, mais pode desactivalas se o desexa. [Configuración de Cookies](#) [Aceptar](#)

aínda habendo un enorme número de mulleres que compuxeron e transmitiron cantigas populares, a maioría delas permaneceu no anonimato.



Nas últimas décadas do século XX, o traballo realizado pola musicóloga suíza [Dorothe Schubarth](#) (1944-2023) e o académico fonsagradino Antón Santamarina, autores da recolleita e edición nos anos 80 do século pasado da biblia do noso folclore, o *Cancioneiro popular galego* (Fundación Barrié), permitiu identificar informantes como Adolfinia Casás Rama (1912-2009), Rosa Casás Rama (1913-2005), tía e sobriña naturais da Vila da Igrexa, lugar da parroquia de Cerceda. Tamén a principios dos 80 Milladoiro subía aos escenarios a Eva Castiñeira quen, canda a súa sobriña, foi a primeira pandeireteira en actuar cun grupo folk. Antes, dende os primeiros 70, actuarían en palcos folclóricos as Pandeireteiras de Mens. A historia destas cinco mulleres foi recuperada na presente década nun libro de Beatriz Busto Miramontes editado pola Central Folque, selo que editou tamén outro volume sobre Adolfinia e Rosa Casás Rama escrito por Richi Casás.

Estas e moitas outras iniciativas de persoas que foron recollendo individualmente os cancioneros populares por todo o país contribuíron a visibilizar a enorme riqueza dunha expresión artística colectiva deostada durante séculos e ameazada polo proceso de urbanización do país. Así e todo, fronte ao que aconteceu noutros territorios, o cancionero popular conseguiu chegar cheo de vida ao século XXI, e deixou unha fonda pegada na alta cultura, empezando polos *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro. A RAG fai agora xustiza con este legado e as súas autoras dedicándolles a gran festa da cultura galega no que será o segundo 17 de maio colectivo, vinte e sete anos despois das Letras Galegas de 1998, centradas nos trobadores da ría de Vigo Johan de Cangas, Meendinho e Martin Codax. (...)”

Publicado en [Día das Letras](#), [Música](#), [Oralidade](#), [Poesía](#) | Etiquetado [Adolfinia Casás Rama](#), [Antón Santamarina](#), [Asunción Garrido Ameixende](#), [Beatriz Busto Miramontes](#), [Día das Letras Galegas](#), [Dorothe Schubarth](#), [Eva Castiñeira](#), [Luís Villalta](#), [Manuela Lema Villar](#), [Pandeireteiras de Mens](#), [Prudencia Garrido Ameixende](#), [Real Academia Galega](#), [Ricardo Marcos Casás Salgado](#), [Rosa Casás Rama](#)

Este sitio web usa cookies para mellorar a súa experiencia. Entendemos que está de acordo con isto, mais pode desactivalas se o desexa. [Configuración de Cookies](#) [Aceptar](#)